



Concello do Grove

ANUNCIO

CORRECCIÓN DE ERROS NA CONVOCATORIA PARA SELECCION DUN ADMINISTRATIVO INTERINO DO CONCELLO DO GROVE E SUBSTITUCIÓN DO PRESIDENTE DO TRIBUNAL. - Expte: 292/2019

Faise público para xeral coñecemento o seguinte:

1.- Acordo da Xunta de Goberno Local do 23/04/2019:

“Detectado un erro na base novena da convocatoria para cubrir interinamente unha praza de administrativo de administración xeral durante a situación de baixa da funcionaria titular, publicada no BO da Provincia de Pontevedra do 18/03/2019, a Xunta de Goberno Local,

Acorda:

Corrixir na Base novena a mención ao Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño da Seguridade Social, que debe ser substituída pola referencia ao Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social”.

2.- Resolución da alcaldía do 2 de maio de 2019:

“Antecedentes:

1.- Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 4/03/2019 aprobáronse as bases do procedemento para seleccionar un posto de administrativo/interino/a.

2.- Por resolución da alcaldía de 9/04/2019 aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos que se publicou no taboleiro de editos da páxina web do Concello, sen que por parte do único aspirante provisionalmente excluído se emendasen os defectos que motivaron dita exclusión, polo que procede elevar a definitiva a cita lista de aspirantes, sen necesidade de nova publicación, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria.

3.- Produciuse a substitución de don Francisco Javier Novoa Juíz no desempeño da praza de secretario municipal, que ostentaba a condición de presidente titular do tribunal, por don Daniel Angel Lamas Bello.

De conformidade cos antecedentes relacionados,

Acordo:

Declarar a elevación a definitiva da lista provisional de admitidos e excluídos.

Nomear como presidente titular do tribunal de selección a don Daniel Angel Lamas Bello”.

documento asinado dixitalmente na marxe

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358